

I XORNADAS GASTRONÓMICAS INTERNACIONAIS
 Xoves 16 de MARZO - 2014

COMIDA AMERICANA

- Ensalada Waldorf
- Mini Burger Tg Op (Ferreira Galega) (queixo do País)
- Brownie de chocolate (con noces do país)

O menú internacional está adaptado á nosa gastronomía autóctona.

Cheff Rubén García.
 Coa colaboración do alumnado de diferentes cursos do centro.



II XORNADAS GASTRONÓMICAS
 CEIP SOUTELO DE MONTES 18 DE FEBREIRO - 2014

MÉXICO

- NACHOS CON GUACAMOLE DE GRELOS E CHIPOTLE.
- BURRITOS DE POLO, CEBOLA E "CHILES" DE PADRÓN.
- VIAXE A MEXICO.

CHIEF RUBÉN.



V XORNADAS GASTRONÓMICAS
 CEIP SOUTELO DE MONTES

- * Xoubiñas & chips.
- * Raxo Wellington
- * Apple pie

INGLATERRA



III XORNADAS GASTRONÓMICAS INTERNACIONAIS
 MARTES 18 DE MARZO-2014

COMIDA CHINESA

- Dim Sum de xamón, queixo e salsa agri doce
- Fideos chinos con verduras e gambas
- Polo lacadado ao estilo "Pekin"
- Froitas con caramelo

謝謝

O menú internacional está adaptado á nosa gastronomía autóctona.

Cheff Rubén García.
 Coa colaboración do alumnado de diferentes cursos do centro.



IV XORNADAS GASTRONÓMICAS
 CEIP SOUTELO DE MONTES

- * Brocheta de mozzarella e tomate ao pesto.
- * Calzone Napolitano
- * Canelones Bolognesa
- * Zuccotto de Tiramissú

MARTES, 29 de abril de 2014.



O O U T E I R O

CEIP DE SOUTELO DE MONTES
CURSO 2013 2014



ÍNDICE

EDITORIAL

AGRADECIMIENTO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O SAMAÍN

O MAGOSTO

O NADAL

DÍA DA PAZ

O ENTROIDO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAPERTURA DA BIBLIOTECA

VIDEOCONTO 1º CICLO

O RECUNCHO DE RELIXIÓN

RESUMO DO CURSO POLO 2º CICLO

TRABALLANDO PARA APRENDER

SAFARI MATEMÁTICO

A NOSA COOPERATIVA

EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO DE 6º E. P.

SAÍDAS DIDÁCTICAS

DEPORTE ESCOLAR

SOPA DE LETRAS

PÁXINA WEB E BLOG

EDITORIAL

Tampouco este ano podíamos ser menos e .. aquí estamos, fieis á cita de sempre coa nosa revista anual e xa van..... nin me acordo .

Somos menos ano a ano, pero somos capaces de con menos, facer máis, como poderedes comprobar ao longo das páxinas desta revista.

Facemos máis porque temos máis ilusión, máis ganas e nos sentimos máis a gusto, contándovos o que acontece ao longo do curso neste Centro.

Co desexo de que pasedes un rato agradable léndonos, co desexo de que descubrades un pouco máis o adentro do noso CEIP, co desexo de que nos coñezades algo máis.. e.... con máis ilusións ... facemos este novo número da revista "**O Outeiro**". Iso si, e de antemán, desculpade aqueles posibles fallos que puideramos ter...

AGRADECIMIENTO DE EDUCACIÓN INFANTIL

17 de maio de 2014.

Queridos amigos e amigas: As nenas,
os nenos e a mestra de Educación
Infantil queremos dar as gracias
por seguirnos todos estes anos.



Samain

O SAMAIN

A finais de novembro como todos anos celebramos o Samain, que é unha festa tradicional galega. Este ano tivemos unha visita do noso amigo comarcedor chamado Hércules.

No coloxio fixamos unha exposición e concurso de cabezas moi bonitas.

Pola tarde vimos 2 cortes de cine e o final déronlles aos participantes gominolas e aos gañadores uns premios.



Adrián Barros Rivas (5º)



Magosto



O día 14 de novembro estivemos de celebración!!
Rufino e Miguel encargáronse de preparar o prato
estrela: as **CASTAÑAS ASADAS**.
Formáronse catro equipos para o xogo das pistas.



Coas
caras
pintadas
estivemos
xogando e
pasándoo
moi ben!





O 19 de decembro de 2013 foi o Festival de Nadal no noso colexio, houbo moitas actuacións, aquí vos vai un resumo.

Os alumnos de **EDUCACIÓN INFANTIL** empezaron as actuacións cantando a panxoliña "O Neno Xesús" e despois fixeron unha coreografía titulada "As Mans" .



Logo os alumnos e alumnas de 1º e 2º interpretaron unha coreografía " La granja de Juanito" e cantaron unha panxoliña titulada "Alá por un camiño".



De seguido tocaron os alumnos e alumnas de 6º un tema instrumental titulado "Miña Terra Galega" e tamén o "Himno da alegría" interpretada coa orquestra de frautas.



Máis tarde os de 2º ciclo fixeron unha coreografía titulada "Tres Pastelitos" e un acompañamento instrumental dos Beatles titulado "Yellow Submarine".



Tocounos aos **alumnos e alumnas de 5º de primaria** e fixemos unha dramatización con voces titulada "**Os Calzoncillos de Papa Noel**" que resultou moi chistosa e tocamos a **Danza de San Lucas** que é un tema instrumental.

Para rematar o festival, a obra de teatro dos **alumnos de 6º de primaria** titulada "**A Consulta do Doutor Jeep**".




E por ultimo a actuación sorpresa dos **profesores, conserxe e cociñeiro** titulada "**Dos Gitanillos**". Esta foi a máis divertida.

(Artigo escrito polos alumnos de 5º)



Uma na Paz



ESTES SON OS MURAIIS FEITOS QUE ESTÁN DECORANDO OS CORREDORES DO CENTRO.



DECORADO DOS CORREDORES.
ALUMNADO DE 5º RECITANDO FERMOSES POEMAS.



ENTROIDO



INDIOS AMERICANOS

E. Infantil

Seguindo coa tradición o día 28 de febreiro celebramos o ENTROIDO. O tempo non quixo acompañarnos para poder saír polo pobo. De tódolos xeitos fixemos unha gran festa no ximnasio e no comedor.

O tema central que escollemos este curso foi o das culturas. Durante as semanas anteriores estivemos traballando un montón para que todo saíra xenial!!



ASIÁTICOS

1º ciclo





MEXICANOS

2º ciclo

Durante a mañá fixemos festa, bailamos, cantamos, saltamos e brincamos un montón...

Para rematar desfrutamos dun delicioso chocolate e postres típicos aos que nos convidaron as familias.

FOI MOI DIVERTIDO



CALAMARES

3º ciclo



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



17 de maio de 2014

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día das Letras Galegas fixemos moitas actividades como: xogar ao brille, decorar un cartel e o máis guai de todo foi o vídeo que fixemos os nenos e nenas de 2º ciclo contando a vida de Xosé María Díaz Castro.



Antía Taboada Villaverde

Antía



O Día das Letras Galegas

Este ano o Día das Letras Galegas adícasele a Xosé María Díaz Castro.

Que se celebra o 17 de Maio, nós fixemolo o 16 de Maio.

Pola mañá fomos a ver un vídeo sobre a súa vida, realizado polos nenos e nenas do 2º ciclo. A continuación fomos a facer un mural sobre Xosé María Díaz Castro.

Pola tarde xogamos un partido de brille

David Silva Casas

David

O día das Letras Galegas no C.E.I.P. Soutelo de Montes pasando moi ben... Xo que xogamos a xogar tradicionais. Ademais fixemos un cartel sobre Xosé María Díaz Castro e vimos un vídeo que fixemos os de 3º e 4º de Benarria.

Silvia Álvarez Fontán

O Día das Letras Galegas

Este ano o Día das Letras Galegas foi moi divertido, pasámo-lo moi ben e fixemos moitas actividades para xogar cos demais nenos e nenas do colexio que sempre é a brille. Ademais os de 3º e 4º fixemos un vídeo e coloramos os murais e despois pegámo-las nun cartel na clase.



Yago Comiña García



Debora Blanco Beredo

Debora



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



17 de maio de 2014

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O Día das Letras Galegas fixemos un homenaxe a Xosé María Díaz Castro e xogamos a xogos populares. Tamén vimos un vídeo que fixemos nós, os de 3º e 4º sobre a súa vida.

Rosalía López Valiñas



O Día das Letras Galegas celébrase o 17 de maio pero nós fixémoslo o 16 de maio. Este ano adicámonos a Xosé María Díaz Castro o autor dun único libro de poemas «Númbros». Ese día fomos a ver un vídeo que fixeron os de 3º e 4º, despois fixemos un mural e tamén xogamos a un xogo tradicional: o brile.



Sara Pazos González

4º E.P



O día das Letras Galegas este ano dedicámonos a Xosé María Díaz Castro. Xogamos o brile. E fixemos un mural. E tamén vimos o vídeo que fixeron os de 3º e 4º.



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO
2014

GALEGAS

O Día das Letras Galega

Este ano o Día das Letras Galegas aelle a Xosé María Díaz Castro. Que se celebra o 17 de Maio, nós fixémoslo o 16 de Maio. Pola mañá fomos a ver un vídeo sobre a súa vida, realizado polos nenos e nenas do 2º ciclo. A continuación fomos a facer un mural sobre Xosé María Díaz Castro. Pola tarde xogamos un partido de brile

David Silva Casas

Rosid

1º Fomos a ver un vídeo que o fixeron os nenas de 2º ciclo. Despois todos os nenas nos reunimos no ximnasio para facer un mural sobre Xosé María Díaz Castro. E por último xogamos a xogos populares.

Debora Blanco Beredo

Deborga

RATOTECA INFORMA

No mes de novembro de 2013 reinauguramos a biblioteca do noso centro. Grazas á colaboración de tódolos profesores do colexio, do alumnado e do conserxe da escola, puxemos en marcha o novo espazo da biblioteca. Reorganizamos os espazos, fixemos unha expurga do material vello ou moi deteriorado, clasificamos e colocamos os libros atendendo a un criterio máis obxectivo, centralizamos os fondos, preparamos os andeis e decoramos con debuxos e carteis feitos polos nenos e nenas.

Tamén se solicitou o programa Meiga á Consellería de cultura e comezamos a catalogación dos materiais.

Na primeira quincena de novembro a nosa mascota, Ratoteca, invitou a coñecer a biblioteca ós alumnos-as, cunha carta.


Elaborouse un horario de forma que cada curso, dende Educación Infantil ata 6º de Ed. Primaria, tivera o seu tempo, co titor-a, para realizar o préstamo e desenvolver diversas actividades.

Ademais tamén se realizaron diversas actividades de formación de usuarios e usuarias:

- Impartíuse un pequeno cursiño explicando a nova organización da biblioteca e o funcionamento do préstamo de libros.
- Levamos a cabo diversas actividades de fomento da lectura.
- Exposicións de traballos realizados polos alumnos-as.
- Contacontos de alumnos maiores aos rapaces e rapazas máis pequenos a modo de apadriñamento.
- Puxemos en marcha a mochila viaxeira para que todos os alumnos-as do centro puidera levar a casa: libros en castelán e galego; libro de poemas; un DVD de película animada; un Cd con seis pezas de clásicos divertidos e un caderno para as suxestións e opinións dos nenos-as e das familias (entre outros).

Como vedes foi un ano intenso. Procuraremos que nos vindeiros cursos poidamos continuar nesta liña posibilitando que a biblioteca do centro pase a ser un lugar moi especial.

Ratoteca.



VIDEO CONTO: LA SIRENITA



Na segunda avaliación involucrámonos e ilusionámonos con unha actividade totalmente novedosa para nós. Puxémoslle voz ao conto da SIRENITA. Quedou xenial!!!

NARRADO POLO ALUMNADO DO 1º CICLO.

Segundo

💡 segundociclo 💡 segundociclo 💡 segundociclo 💡 segundociclo 💡



O que máis me gustou foi usar a pizarra dixital na biblioteca, saír ao monte e facer novos amigos como Iván.

...illo.

Bangdi (3ºEP)

Gustoume moito axudar a Rubén a facer comidas.

...un bonito anillo

Iván (3ºEP)



Gustoume que este ano a biblioteca esté máis ordenada e tamén poder usar a pizarra dixital.

... podía hablar,
...il de encontrar!

Nayara (3ºEP)

As excursións que máis me gustaron foron as de ir ao teatro CaixaNova en Pontevedra a ver a obra de Xistralia e tamén ir ás competicións deportivas cos meus compañeiros e compañeiras porque este ano ganábamos os partidos.

...parecida,

Sara (4ºEP)



A excursión que máis me gustou foi ir polo monte cos nenos de 5º e 6º porque fixemos moitas actividades divertidas e xogamos a moitos xogos diferentes.

...llegó el martes,
...ropa y lo encontré,

Miriam (3ºEP)



C I C L O

👤 segundociclo 👤 segundociclo 👤 segundociclo 👤 segundociclo 👤

Probas de diagnóstico 👍 Festa de Nadal 👍
Xogos tradicionais 👍 Ler libros 👍 Xogar ao
Pinpón 👍 Facer debuxos de Rubén 👍 O
Grúfalo 👍 Xogar co diñeiro 👍 Xogar cos
reloxos 👍 Safari de Xeometría 👍 Cociñando
con Rubén 👍 Cros de atletismo 👍
Competicións en Soutelo 👍 Xornadas
gastronómicas 👍 Competicións en Tenorio 👍
Superdivisión 👍 Debuxando no patio 👍
Préstamo de libros 👍 Mochila viaxeira 👍 Día
do libro 👍 Medicións no patio 👍 Camiñata
polo monte 👍 Saída a Pontevedra 👍
Carballerira de San Xusto 👍 Chocolate
quentiño 👍 Reto da semana 👍 O magosto 👍
Concurso de cabazas 👍 xogos populares 👍
obra de teatro 👍 O entroido 👍 Facer
diapositivas co power point 👍 Día das Letras
Galegas 👍 O mural dos peixes 👍 Xogo do
brilé 👍 Ordenar a biblioteca 👍 Mural do día
da Paz 👍 Vídeo do baile 👍 Grabacións 👍



trAballando para aprender

Así de ben traballamos @s nen@s de 3º e 4º de Ed. Primaria.

2º ciclo



Este ano fixemos moitas actividades como xogar á pizarra dixital, cociñar con Rubén comidas de distintos países e moitas actividades divertidas.


Os nenos e nenas de 3º e 4º tamén fixemos moitas actividades como crear diapositivas cun programa de ordenador, deseñar un cartel de internet ou facer un vídeo sobre as Letras Galegas... e moito máis!
Antía (4ºEP)

O alumnado do segundo ciclo do CEIP Soutelo de Montes fixemos unhas actividades distintas das habituais nestes trimestres. Trátase de diversos xogos educativos propostos polos profesores. É unha maneira de aprender e repasar cousas divertíndose.

Débora (4ºEP)

SAFARI MATEMÁTICO NO COLE

Os nenos e as nenas de 3º e 4º estivemos cazando matemáticas...
... aquí están algúns dos nosos trofeos!



Nós, os alumnos e as alumnas de 3º e 4º de primaria, fixemos un **Safari Fotográfico** a finais deste curso.

A tarefa consistía en facer fotografías a todo o que atopásemos polo cole que estivese relacionado coas matemáticas.

Foi unha forma diferente de miralas porque o colexio está rodeado de matemáticas. Non só números, tamén formas e corpos xeométricos, simetrías...

Fotos de...

Bangdi, Iván, Silvia, Nayara, Ángel, Miriam, Débora, Antía, Sara, Rosalía, David e Yago.

CANONIZAÇÃO DE JUAN XXIII E DE JUAN PABLO II

O 27 de abril de 2014 foron canonizados, é dicir convertidos en santos Juan XXIII e Juan Pablo II. Algúns dos requisitos para a beatificación é que pasen 5 anos dende a súa morte e que se lle atribúan polo menos dous milagres.

Juan XXIII

Ángelo Roncalli naceu o día 25 de novembro de 1881 en Sotto il Monte, Italia. A súa familia vivía do traballo do campo, e profesaba unha gran devoción relixiosa.

Ingresou no seminario de Bérgamo e estudou para ser sacerdote.

Foi ordenado sacerdote o 10 de agosto de 1904 en Roma. En 1905 foi nomeado secretario do obispo de Bérgamo. Á vez era profesor do seminario e colaboraba noutras actividades pastorais. Trala morte do papa Pío XII foi elixido papa o 28 de outubro de 1958, e tomou o nome de Juan XXIII. O seu pontificado durou meros



de 5 anos. Convocou o Sinodo Romano, instituiu unha comisión para a revisión do Código de Dereito Canónico e convocou o Concilio Euménico Vaticano II. Morreu o 3 de Xuño de 1963.


Juan Pablo II



(Cracovia, 1920 - Roma, 2005) Sacerdote polaco, de nome Karol Wojtyła, elixido Papa en outubro de 1978. Era fillo dun oficial da administración do Exército polaco e dunha mestra de escola. De xoven practicou o atletismo, o fútbol e a natación. Foi tamén un estudante excelente e presideu diversos grupos estudiantís. En 1958 foi nomeado auxiliar do arcebispo de Cracovia, a quen sucedeu en 1964. A idade de cincuenta e oito anos foi elixido para suceder ao Papa Juan Pablo I, morto tras trinta e catro días de pontificado. Juan Pablo II foi papa durante 27 anos, viaxou a 145 países e deu 30 voltas ao mundo. O 13 de maio de 1981 sufriu un grave atentado na Praza de San Pedro do Vaticano, onde resultou ferido. O 13 de maio de 1982

sufriu un intento de atentado no Santuario de Fátima durante a súa viaxe a Portugal. Nembargantes o pontífice continuou coa súa labor evangelizadora, visitando incansablemente diversos países, en especial os pobos do Tercer Mundo (África, Asia e América do Sur). Morreu o 2 de abril de 2005.

SOUTONEVADO A COOPERATIVA DE 6º E.P.



Do mesmo xeito que o pasado curso, os alumnos e alumnas de 6º curso participamos no programa "Emprender na miña escola - Eme Cooperanova". Este proxecto educativo, para o desenvolvemento da Educación Emprendedora, está avalado polo *Ministerio de Industria, Energía y Turismo* e pola Deputación de Pontevedra.

O seu obxectivo principal é desenvolver hábitos e comportamentos emprendedores entre o alumnado, facilitando a nosa integración social de maneira máis eficaz e satisfactoria.

O traballo que temos os socios e socias -cooperativistas é o de calquera empresa deste tipo: elaborar os estatutos, elixir a xunta directiva, o nome, aportar o capital social, o logotipo...



Logo de ter amañado o referente á documentación recibimos, por parte dos representantes da Deputación Provincial, o Certificado de alta da Cooperativa.



O seguinte paso foi comezar coa fabricación e etiquetado dos diferentes produtos que elaboramos: bandexas e pratos decorativos, alfombras de *trapillo*, salvamanteis, bolsos multiusos



E xa por último só nos quedaba vender, alá nos fomos ás feiras de Soutelo, Doade e Forcarei, acadando un grande éxito na posta en práctica do noso proxecto. Non podemos rematar este artigo sen nomear ás nais e pais que nos axudaron e tamén aos profes, gracias a todos.



EXCURSION FIN DE CURSO DE 6º

¡Por fin chegou o día!


Collemos o tren en Ourense e despois dunha viaxe de 12 horas chegamos ao destino "SALOU" ;



Desde a estación levounos un autobús ata o hotel "BELVEDERE" e o primeiro que fixemos foi almorzar para coller forzas ,a continuación fomos cambiarnos para ir ao "Aquopolis" que está moi ben.



O segundo dia tocava ir a Barcelona onde vimos monumentos como: A Sagrada Familia, as casas Modernistas de Gaudí...; fomos a "Montjuic" onde comemos.



Pola tarde fomos cumprir a ilusión dos que somos do Barça aínda que este ano non ganaran nada. O campo é unha chulada!



Os dous días seguintes tocaba Port Aventura onde había varias áreas como: Polynesia, Fart West, México, Mediterranea e por último China.



Primeiro fixemos unha ruta cos profes polas distintas atraccións subindo en todo o que quixeramos ,a que máis medo daba era a Shambala,que foi na que menos nenos subiron.logo fomos comer ao restaurante "A Cantina" en México e pola tarde déronnos unhas horas libres para máis tarde ver varios espectáculos como:"Os Polynesios"... e tamén fomos ver un simulador impresionante.

O segundo día de Port Aventura déronnos libre para facer o que quixeramos, seguimos disfrutando das atraccións como: Stampida, Dragon Khan, Silver River Flume... todos disfrutamos moito e gustounos moito esta experiencia.




Xa se acercaba o final, quedaba un día, que aproveitamos para ir de compras alí en Salou e pola tarde disfrutamos da piscina do hotel e por último fixemos a maleta, para volver con pena porque se estaba acabando.

A viaxe de volta foi boa pero estabamos moi cansados, sen dúbida, estivo "XENIAL", unha experiencia inolvidable.



SAIDA DIDACTICA: A NENA E O GRILO NUN BARQUINO



ALUMNADO DE 1º E 2º

(26-11-2013)



A NENA E O GRILLO NUM BARQUINHO

ALEX



Cando a nena e o grilo
mentaron o barquín
gustoune moito e nún.

A NENA E O GRILLO NUM BARQUINHO



A NENA E O GRILLO NUM BARQUINHO

FRAN



A MIÑA ME GUSTOU TODO

A NENA E O GRILLO NUM BARQUINHO

ANDREA



O QUE MAS ME GUSTOU FOI O GRILLO

Por que faço gracia cando
apetáronse a nena

ALUMNADO DE 2º CICLO:

SANDRA E MEIROL EN
XISTRALIA

(30-1-2014)



ALUMNADO DE 3º CICLO:

ODAIKO VAIA CIRCO

(18-3-2014)



ALUMNADO DE INFANTIL:

LUME

(21-5-2014)



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Neste curso, ao igual que nos anteriores, as nenas e nenos de 2º e 3º ciclo participamos en diversas actividades dentro do programa XOGADE.



En xaneiro fixemos a proba de campo a través no circuito de A Madalena no que acadamos moi bos resultados, especialmente David Silva que coseguiu un excelente segundo posto na súa categoría.

Ao final déronnos agra, chocolate quente e croissants.

No mes de marzo recibímo-la visita do colexio de Carballedo e en abril tocounos a nós desprazarnos a Tenorio para a última xornada de competicións.



Este día fomos xantar á Carballeira de San Xusto.



A xornada de clausura foi no Pavillón de Forcarei o día 6 de xuño, para a entrega de medallas e trofeos.
(Artigo de 6º primaria)



SOPA DE LETRAS

Busca os seguintes espazos do colexio:

RECIBIDOR AULAS SALA DE MESTRES
INFORMÁTICA AUDIOVISUAIS BAÑOS
DIRECCIÓN CONSERXERÍA COMEDOR
XIMNASIO COCIÑA BIBLIOTECA



NON DEIXEDES DE SEGUIRNOS...



CEIP de Soutelo de Montes

Inicio sesión: Acceso

Mapa do sitio | Portal educativo | Recursos Educativos | SEM Comco | Webos didácticas: Aula virtual | Galería

Buscar neste sitio: Buscar

O centro

- Localización
- Dependencias
- Organigrama
- Secretaría
- Servizos

Profesorado

- Profesional
- Reunións

Biblioteca

- Animación á lectura
- Recomendámusche

Pais/Nais

- AMPA
- Actividades
- Novas

A nosa cooperativa - COOTELO

- Actividades
- Quem somos
- Socios
- Talleres
- Xunta directiva

Galería de fotos

A CREATIVIDADE DE DAVID DE 4º
 Enviado por xantaxgalegas o Mar, 06/03/2014 - 12:00
 4º Primaria

En Forcarei... primeiro foi Chano Piñeiro e agora toca entrar en escea a David Silva. Un alumno do CEIP de Soutelo de Montes que, con tan só 9 anos é quen de crear pequenos cortos utilizando os seus bonecos de Playmobil.

Noraboa David, todo un xesto de creatividade.

Pequela playmobil

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014
 Enviado por xantaxgalegas o Xov, 02/12/2014 - 22:29
 Complementarias

O vindeiro 17 de maio celébrase o Día das Letras Galegas que este ano se adica a Xosé María Díaz Castro.

O prof. Oscar coordinou un gran traballo por parte do alumnado do 2º ciclo e editou o seguinte vídeo no que podedes descubrir moita información.

Pinchade na imaxe para acceder ao vídeo:

El Tiempo en Soutelo de Montes
 sábado 0 / 14°C

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsoutelomontes/>

COCINANDO NO COLE DE SOUTELO DE MONTES

DOMINGO 11 MAIO 2014

Torta de queixo

TORTA DE QUEIXO

200 Ggr de pasta quebrada
 200 gr de queixo cremoso
 300 gr de tona líquida
 100 gr de azucre
 3 follas de xelatina
 Marmelada de froitas

- Estirar a masa quebrada e formar un molde, cubrir con papel sulfurizado e poñer uns garavanzos, cozer a 180º durante 8 minutos, retirar os garavanzos e o papel e cozer 4 minutos mais.
- Ramollar a xelatina e fundir en 50 gr de tona.
- Montar o resto da tona co azucre, engadir o queixo e a xelatina fundida, mesturar e poner sobre a masa fomeada.
- Meter no frío 4 horas e cubrir coa marmelada.

Neste caso empregamos unha marmelada de ciruelas, pero queda perfecta de mazá, pera, pesego...

RUBÉN GARCÍA CASTRELO

COCINEIRO DO COLE DENDE NOVEMBRO DO 2008

CEIP Soutelo de Montes

Ver o meu perfil completo

ARQUIVO DE BLOGS

▼ 2014 (7)

- ▼ May (4)
 - Torta de queixo
 - Torta de piña
 - Torta de mazá
 - Pasta quebrada doce
- April (1)
- March (2)

<http://cocinandonocole.blogspot.com.es/>

Las hamburguesas del CEIP Soutelo ganan a Mc Donald

DE GARABANTES
17 de enero de 2014 | 02:00



Los estudiantes se reconocieron durante de grupo las mesas y jugar a los más pequeños. DE S.

Ampliar

Las jornadas gastronómicas internacionales inauguradas ayer en el comedor del colegio de Soutelo de Montes no pudieron comenzar con mejor pie. Se centraban en la cocina americana y ofrecían hamburguesas como plato central del menú. Un sueño hecho realidad para los niños y un reto para el cocinero. Rubén García consiguió ganarse a los críticos escolares sin descuidar su alimentación. Los propios estudiantes ayudaron a dar forma a las Mini Burger Tg Qp, elaboradas 100 % con carne de Ternera Gallega y acompañadas con vegetales y queso del país. La crítica no pudo ser mejor. Viniendo de un niño, reconocer que estas hamburguesas saludables son más ricas que las de Mc Donald's es todo un cumplido. El mejor. Hubo quien desde ayer se declaró enemigo de la comida basura y hasta quien le propuso al chef hacer negocio vendiéndole su producto a la cadena norteamericana.

La Soutelo Sauce, el secreto mejor guardado

Lecciones de cocina mexicana en el colegio de Soutelo

19.03.2014 | 02:25

Niños del colegio de Soutelo disfrutaron ayer de la segunda jornada de comida mexicana, impartida por el cocinero del comedor escolar, Rubén García. Les enseñó a elaborar nachos con guacamole de pimientos y chipotle, burritos de pollo con cebolla asomada y de "chiles" de Pablón y una tarta que recreaba la bandera de México.



LECCIONES DE COCINA MEXICANA EN EL COLEGIO DE SOUTELO

19.03.2014 | 01:20

Alumnos del colegio de Soutelo de Montes participaron en la mañana de ayer en la segunda actividad relacionada con las Jornadas Gastronómicas Internacionales que, en esta ocasión, homenajeaban a la gastronomía china. Los escolares aprendieron con el chef Rubén García a elaborar dim sum de jamón, queso y salsa agri dulce, fideos chinos con verduras y salsa, pollo lacado al estilo Pekín y frutas con caramelo. El cocinero adaptó el menú a la gastronomía autóctona. Al terminar todas las jornadas gastronómicas se elaborará un libro para recaudar dinero para la excursión de fin de curso.



Los alumnos del colegio de Soutelo cocinan comida china

14.03.2014 | 01:31

El cocinero del comedor escolar del colegio de Soutelo de Montes, Rubén García, les impartió en la mañana de ayer una nueva clase práctica de cocina a los escolares del centro. En esta ocasión, los afortunados fueron los escolares de primero y segundo, que aprendieron a cocinar panninis. Los pequeños siguieron con atención las explicaciones y se pusieron manos a la obra. Las clases de cocina en el colegio de Soutelo continuarán el martes, fecha en la que se reanudarán las jornadas de gastronomía internacional. En esa ocasión, Rubén García les



Los escolares de Soutelo aprenden a cocinar panninis

FELICES
VACACIONES

SILVIA PAMPIN
En el colegio de Soutelo de Montes son "una gran familia". El cocinero del comedor escolar, Rubén García, prácticamente ha visto "nacer" a muchos de los niños que a diario degustan sus menús. Por eso, aprendiente de la importancia de que se aprenda a cocinar y a comer bien está dispuesto a que los escolares entren hasta la cocina. Se ha implicado en una ilusionante iniciativa: unas jornadas de gastronomía internacional que arrancaron ayer con la elaboración de platos típicamente gallegos, con ingredientes netamente gallegos.



Niños del colegio de Soutelo y sus profesores, ayer, aprendiendo a cocinar con el cocinero Rubén García. Bernabé / Javier Lalín



Los niños de Soutelo celebran las jornadas de comida italiana
Los niños que celebraron el curso de suntu en el colegio de Soutelo de Montes comenzaron ayer con una nueva jornada gastronómica. En esta ocasión se trata de comida italiana. Así, ayer los alumnos prepararon cappeloni a la bolonesina y Zocotto de tomate para la jornada de hoy. En los próximos días elaborarán el menú completo.

